


Nº 11

# CANDÍS

MAIO - 97

Colexio Público "Tomás Terrón Mendaña" *Sobradelo de Valdeorras*

REVISTA ESCOLAR



## EDITORIAL

Non sabemos se se notará ou non o cambio realizado na execución do noso xornal "Candís", pero é ben certo que os medios para facelo foron moi diferentes.


Ata o de agora contabamos cun ordenador que xa quedou moi anticuado segundo din os entendidos nas novas tecnoloxías; lento non o había máis, e por se fora pouco, non tiñamos scanner para poder plasma-los debuxos e textos dos máis pequenos. En anos anteriores estes debuxos facíanse nun scanner que non era noso, así que preparalo xornal era unha obra moi laboriosa.

Polo que nos contaron nunha reunión de Claustro os profesores decidiron que era necesario cambiar de equipo, o malo era a economía do Centro, que nos tempos que corren... xa se sabe como "corren".

Había que buscar axuda, xa se sabe... o que algo quere, algo lle costa... En fin, pedímoslle axuda a APA do colexio a través da súa presidenta Carmen Vega Arias, quen sempre que é posible responde en todo as nosas peticións, chegaron corenta e dúas mil pesetas, pero aínda faltaba moito.

Unha vez máis había que pedir a quen nunca, ate o de agora, nos fallou, a empresa IROSA, que sen obxección algunha nos concedeu a cantidade de cincuenta mil pesetas.

Dende aquí o noso agradecemento a todos, entidades como estas fan posible que o progreso nos colexios pequenos e con pouca dotación económica, vaia de acordo cos tempos que correen. **GRACIAS A TODOS**



32337 O TRIGAL  
SOBRADELO DE VALDEORRAS  
OURENSE - ESPAÑA  
TLF. (988) 324730

## DEPORTE ESCOLAR

Ós alumnos e alumnas do colexio gústanos moito facer xogos e practicar algúns deportes.

Durante este curso participamos nas competicións deportivas escolares de Campo a través masculino e femenino.

### CAMPO A TRAVÉS

A finais do mes de Novembro celebrouse a primeira proba de Campo a través escolar organizada polo noso colexio e coa colaboración do Concello de Carballeda.

Os resultados obtidos polos alumnos e alumnas do centro foron moi bons, sendo os más destacados en Cadete masculino, Paulo Firmino, 1º clasificado; Cadete femenino, Sandra Herrero, 2ª clasificada; Alevín masculino, Roberto Prieto, 1º e Marcos Herrero, 4º clasificado.

No mes de Xaneiro os alumnos que gañaron na categoría Alevín, Roberto Prieto e Marcos Herrero, representaron ó noso Colexio na final provincial de Campo a través que se celebrou en Ourense, clasificándose en primeiro e 8º lugar respectivamente.

O maior éxito obtido por un atleta valdeorrés nos campionatos escolares galegos correspondeu ó alumno de 6º de E. Primaria **Roberto Prieto**, que se proclamou campión galego de Campo a través escolar celebrado en Lugo na categoría alevín masculino imponéndose ós atletas da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.




Roberto Prieto, o noso campión

### FÚTBOL SALA

Tamén participamos nas categorías Alevín e Infantil masculino de fútbol sala. O equipo Alevín xogou a final comarcal no pavillón do Barco, sendo derrotados, despois dun emocionante partido, polo equipo do Colexio Manuel Respino de A Rúa. O resultado foi 6 a 5, amosando os alumnos do colexio unha gran calidade de xogo.



Equipo Alevín masculino: Milton, Víctor, Antonio, Santiago, David, Bruno, Alvaro, Adrián, Pablo, Roberto, Marcos, José Antonio e Diego



## ¿QUEN TIVO A CULPA?

O día 21 de Febreiro un grupo de alumnos e alumnas de 3º entramos pola ventá durante a hora do recreo despois de comer. A verdade é que nos apetecía escoitar música das "Spice Girls", así que antes de ir a comer deixamos a ventá aberta e logo poder entrar sen que ningúen se dese conta.

A trasmada non puido resultar peor. Houbo "acusica" e enterouse o noso titor e a directora. As consecuencias viñeron logo. A directora castigounos a escribir a cada un de nós como fixeramos para entrar e o titor mandounos entrar e saír varias veces pola porta para que non esqueceramo-lo sitio por onde se entra e se sae SEMPRE.

Agora vostedes xulguen quen tivo a culpa, cada un de nós vai a conta-lo que fixemos.

**Nena 1ª:** O venres 21 de Febreiro un neno que se chama José Domingo trouxo unha cinta de música das "Spice Girls". A idea foi dunha compañeira que entrou de primeira pola ventá e Érica tamén. Pouco despois entramos Iván, Berta, Yésica e más eu. Logo saímos todos e entramos pola porta para que Teresa non se dera conta. Esto é todo.

**Neno 1º:** Xuntámonos todos e entramos pola ventá para baila-la música das "Spice Girls" e non fixemos nada máis. Non volverei a facelo, píddolle perdón.

**Nena 2ª:** Entrei pola ventá e bailei a música das "Spice Girls", despois veu Nuria e tamén entrou. Utilizamo-lo radio-cassette. Unha compañeira foi a que nos mandou entrar. Bueno, non lle boto a culpa a ela, que tamén fun eu. Nós confiamos nun compañeiro que quedou fóra, pero logo díxollo ó

profesor. Yésica di que non entrou pola ventá.

**Nena 3ª:** Eu entrei pola ventá porque dúas compañeiras me convenceron, estiven dentro un pouco e logo saín pola porta e elas quedaron dentro.

**Nena 4ª:** Érica deixou o xoves e o venres as ventás da clase abertas. Despois de comer fomos detrás do colexió. Érica colleume das mans, porque ela estaba dentro. Cando chegou o autobús entrou José Domingo. Tamén subiu Iván, a el axúdaronno uns rapaces de oitavo, Rubén e Gavela. ¿Qué fixemos? Bailamo-la canción das "Spice Girls" e despois dixo un compañeiro que estaba fóra: ¡Que ven a directora!. Entón collimo-la cinta e saímos pola ventá.

**Nena 5ª:** Onte entrei pola ventá porque unha compañeira dixo que entraramos, pois rebobinara a cinta das "Spice Girls" para logo bailar. Entramos José Domingo, Carmen, Érica, Yésica, María, Carlos, Iván e más eu. A min axudoume Mario a entrar empuxándome polas pernas e Érica agarrándome das mans. A María tamén a axudou a subir Mario empuxándoa polas pernas e Érica tiraba polas mans. Eu quedei sentada na ventá. Os que estaban dentro estaban a bailar. Cando chegou o autobús veu José Domingo que tamén entrou. Xa na hora da clase un compañeiro que quedou fóra contoulle todo ó profesor.

*Despois de todo isto, ¿alguén pode dicir de quen foi a culpa?.*

### FOI DAS "SPICE GIRLS"

*Alumnos e alumnas de 3º*



## O QUE RESISTEN OS TELLADOS

Ata hai pouco non o sabíamos, pero os tellados de pizarra que se colocan en grandes edificios poden chegar a pesar varias toneladas. Sabémolo porque xa hai uns meses fomos ata Escola de Colocadores de pizarra que está a carón do noso Colexio.

Raúl, un profesor, amosounos como se coloca a pizarra no tellado. Hai que segui-los seguintes pasos:

Primeiro van colocando táboas separadas unhas das outras á mesma distancia. Ó ser grosas, farán entre elas unha pequena cámara de aire para que a temperatura non sexa esaxerada.

Despois vanse colocando as lousas, con puntas e ganchos, que según Raúl, axuda a aforrar moita lousa. A colocación parece doada pero non o é tanto; hai que poñelas louxas de maneira que unha quede por debaixo e dúas porriba, así a auga nunca entra.


Hai veces nas que se rompe a lousa, entón hai que cambiala; outras a lousa ven un pouco máis grande do normal, entón hai que cortala; por certo, alí tiñan unha ferramenta para cortar, que xa non se usa.

Vimos tamén maquetas de tellados con pizarra cortada de diferente maneira, provocando na visión xeral ondulacións, rombos, punta de pala...

Fixemos un montón de preguntas e Raúl contestounas todas. O que menos nos gustou (as mulleres que alí estabamos) foi que dixera que ainda que hai mulleres colocadoras de pizarra, a súa titulación únicamente lles servía para traballo de oficina e de relación cos clientes. ¡Ai Raúl, Raúl!...

De tódolos xeitos, volvimos encantados. Gracias Raúl.

*M<sup>a</sup>José e Lidia, 1º de E.S.O.*



## ¡QUE COMERÁ O REI! COMERÁ... COMERÁ...

Hai uns días estudiámo-la unidade sobre Catelao, e a mestra preguntounos, sen vir ó conto (iso foi o que a maioría pensamos), ¿que credes vós que comerá o Rei?

Cada un de nós contestou o que lle pareceu, Álvaro dixo: ¡pasteis!. Ricardo engadiu: ¡marisco! Non sei quen foi que dixo, ¡cabrito!


A partir destas respuestas xa cada un fomos dicindo aquela comida que nos pareceu más apropiada para comer un rei.

Xa cando as respostas ían pasando a berros, a mestra pediu un pouco de silencio, mandounos abri-lo libro na páxina 132, para observar un debuxo que fixera Castelao hai unha chea de anos.

Ó velo "mono" (así era como el lles chamaba) apareceu en nós un pequeno sonriso. Había dúas nenas sentadas nun prado, e unha dicíalle á outra: "¿Que comerá o rey?". A outra respostou: "Comerá... comerá... zucré.

Despois dunha pequena explicación decatámonos de que os nenos de hoxe pensamos o mesmos que os de hai oitenta anos. Cremos que o Rei come do melloriño. ¿Será iso certo?

*Alumnos de 8º*




## CONCHA LÓPEZ NARVÁEZ

*"La tejedora de la muerte"*

O día 5 de febreiro, ás doce pasadas da mañá, veu a nosa clase a autora do libro que nos mandou ler a nosa profesora de Lingua e Literatura Castelá, titulado "La tejedora de la muerte".

Despois de saudarnos, mirou pola fiestra e quedou apampada ollando cara o monte verde e chamoulle todavía moito máis a atención, un burro ou unha burra blanco/a, que estaba pastan-



do tranquilamente nun prado.

Marta, unha alumna díxolle que era un burro. Non sabemos por que Marta sabe que é burro. Se coñece que é do Robledo...

Explicounos moitas cousas, que deixara de dar clase, que agora só escribía, que lle gustaba moito escribir para xente xove.

Logo, pregunotunos se queriamos que fixesemos preguntas ou ela nos falaba sobre o contido do libro. ¡Preguntas!, contestámoslle todos ó mesmo tempo.

Ninguén se animaba a comezar, ata que Álvaro se decidiu. Logo xa todos a levanta-las mans. Fixémoslle unha chea de preguntas. ¿Canto tempo tardou en escribi-lo libro? ¿Como se lle ocorreu esa idea? ¿Como reaccionaría se lle ocorrese iso na realidade?...

A verdade é que o libro é ben bonito por certo. Aconsellámosvos que o leades. Paga a pena.

Ó final, cando tocou o timbre despedímonos dela, non sen antes de que nos asinara os libros.

**Nuria e Darío, 1º E.S.O.**

# VALDEORRAS

## NON ESTÁ NO INTERIOR

O pasado día 17 de Abril pudemos descubri-lo que representa Valdeorras para o xornal *"La Voz de Galicia"*.

Co título "Pesen al interior", aparece un especial sobre a provincia de Ourense. A verdade é que quedamos un pouco decepcionados, pois nunca crimos que Valdeorras pasase tan desarpectibida para os medios de comunicación. Si, xa sabemos que tódolos días hai "*un xornal dentro doutro xornal*", como moi ben rezaba o anuncio publicitario de hai uns meses, pero o que non entendemos é que se se fai un especial para un tempo de lecer, para descubrir aspectos turísticos que pode ofrecer a provincia de Ourense, dá a impresión de que nese aspecto Valdeorras non está no mapa.

Toda a clase de 8º molestouse en mirar con lupa de filatélico todo o que sobre Valdeorras viña. Comprobamos que únicamente se menciona a Ponte da Cigarrosa, o Mosteiro de Xagoaza (e que sepan que nunca foi mosteiro) a Vila do Castro en O Barco e Pena Trevinca.

En fin, todo o que paga a pena é O Carballiño, Trives (con Manzaneda, por suposto), A Limia, O Ribeiro...

Polo visto Valdeorras únicamente interesa para que a nosa provincia non quede de última no "ranking" (poñemo-lo barbarismo adrede) económico, pois de non ser pola pizarra, regada co viño de Valdeorras e un pouco do Ribeiro, aviados estariamos.

¿Quen de vostedes sabe que é Cesures, Vales, Santa Olalla, Pusmazán, Ricosende, Bascois, Quereño, Oulego e tantos e tantos pobos da nosa comarca que fan as delicias dos que os visitan?

Gracias por esquecerse de nós. Algún día haberá alguén que nos valore polo moito que podemos aportar.

SILVIA E MAITE, 8º

## ÁNXEL FOLE, A LUS...

Un ano máis os galegos redemos homenaxe a un galego ilustre no día das Letras Galegas. E este ano correspondeulle a ÁNXEL FOLE, un dos grandes escritores que mellor souberon contar HISTORIAS. Cremos que paga a pena coñecer un pouco sobre a súa obra, e nunca mellor ca lendo un anaco de "A lus do candil"

### "ESPORRETAR"

Inantes de nada, deben saberen os letores o siñificado da fala «esporretar». Por eso nos vemos na obriga de contar un contíño inantes de emprincipiar a historia.

Tres cabaleiros de moi escrarecido linaxe foron a cazar ós montes do Caurel. E xa o primeiro día cazaron trinta perdices, dous corzos e un xabarí. Todos tres estaban moi ledos. Paraban cas da tía Farruca, mesmo en Villarbacú. Espertáronse cediño, cuase ó lumbrigar do día e pediron o almorzo.

- Unhas sopas de cazador, ¿sabe vostede?

- Xa sei, señor... Sopas de pan de centeo con manteiga, ben sequiñas, con pimento e moito allo.

- ¿E como as queren? ¿Esborretadas o sin esborretar?

Respondeu un polos tres:

- Esborretadas... Non faltaba máis.

Aquello de esborretadas pareceulle cousa moi típica da cociña montañesa.

De alí a un intre, xa estaban os cazolos de barro das sopas enriba da mesa.

- Vexan vostedes como as esborreto...

Meteu dous dantes de allo na boca. Trincounos ben cos dentes e... Logo asoprou con forza pra fóra e ciscou as trincas de allo enriba das sopas dos cazolos.

- Xa están ben esborretadas.

Os cabaleiros ollaron un pra outro. E comerón as sopas. Saíron de alí ríndose como tolos.

Eso siñifica «esborretar», mais tamén ceibar ventos da barriga polo mesmo sitio por onde lles empeza o rabo ós cadelos e toda cras de animás chamadas mamíferos.

\*\*\*

O Mingos de Sindin, dunha familia moi coñecida da Pontenova, entrou nas quintas alá por aqueles tempos en que emprincipiaban en Lugo a ve-lo cine sonoro.

Tivo que pasar pola Xunta de Clasificación, pois alegou que estaba xordo como un cabozo. O capitán médico da Xunta desconfiou que fose un pillastre disposto a se librar do servicio militar fose como fose.

Sometérono á proba de calderilla. Tiraron cinco pesos en monedas de cobre detrás dil, e nin tan siquer revirou a testa. Repetiron a proba con dez pesos en calderilla. O Mingos dixo:

- Parece que tocan aló lonxe unha campanilla, como esas chocas que lle poñen ós becerros na miña terra.

Levárono ó campo de tiro de San Cibrao. Cando estaba descuidado, falando co capitán médico que entendía no seu caso, dispararon un mortero mesmo detrás das súas costas. O Mingos preguntou:

- ¿E quen disparou esa pistola?

O capitán médico levouno candia el ó cine. A cinta era sonora, dos irmaos Marx. Traballaba un de mariñeiro



e facía rir moito ó público. Dixo o mariñeiro unha gracia e todos batiron palmas i o Mingos tamén. Mais veulle de sutaque o trasacordo, e díxolle ó capitán:

- ¡Moito frío vai niste condenado Lugo! Inda en maio...

Sorriuse o capitán.

Veña outra proba.

E foi a do camión. Entrou un camión no patio do cuartel de San Fernando. O Mingos iba de par do capitán médico, parolando con el. O camión iba mesmo detrás dos dous. Nove veces tocou a bocina: bam, bam, bam, bam...

O capitán colleu do brazo ó Mingos...

- Ten cuidado, rapaz que ai vén un camión.

Mingos dirixiuse ó chofer e berroulle:

- Xa podías ter más coidado, besta brava, e tocar a bocina... Pensei que nos enrulabas ó capitán e mais a min.

O día seguinte fixéronlle a proba da bomba de dez estralos.

Disparárona desde unha fiestra do patio do coartel, cando o Mingos estaba distraído, ollando prá cantina, falando co capitán.

Fixo tal estrondo a bomba, que os veciños da plaza de San Fernando creron mesmamente que voara o almacén onde estaba a cartuchería do Reximento: ¡Pom, pum, pom...!

O Mingos faloulle ó capitán médico:

- Pensei que vostede fora educado con millor crianza... Eu son un mozo labrego, e cando teño que esborretar, apártome a un lado.

E despois venteou como un can de perdices pra todos os puntos cardinás.

- Ben se conoce que é vostede militar...

- ¿E por que?

- Porque o seu peido cheira moito a pólvora.

O capitán médico botouse a rir e dixolle:

- Ganaches ti. Dentro de tres días estarás na casa...

## Somos a clase de 1º

Imos contar o ben que o pasamos na escola (*Marcos*).

Os xoves imos ó ordenador e os xogos que máis nos gustan son o do "Bombeiro", o da mazá e o verme e o do labirinto (*Diego*).

Os venres imos ver unha película e a que nos gustou máis foi a do volcán e a do Rei da selva (*Carlos*).

Tamén escoitamos música clásica e gústanos moito *O lago dos cisnes* (*Kiko*).

Para o día das Letras Galegas imos aprender o poema de Rosalía de Castro "Adios ríos, adiós fontes...", e a canción de Amancio Prada xa case a sabemos toda (*Samuel*).

Presentámonos a un concurso do "CAMALEO" e fixemos un cartel duns nenos que non podían xogar ó fútbol porque non

había campo (*Sandra*).

Na clase temos dúas peixeiras, unha con peixes de cores e outra con dúas tartarugas e tamén temos moitas prantas que temos que coidar entre todos (*Santi*).

A Educación Física é a nosa asignatura preferida (*David Navarro*).

Os venres limpamos a clase entre todos (*Sara*).

Se comes chicle na clase a profe castiga (*David Rodríguez*).

E tamén castiga cando nos pelexamos (*Michael*).

Na escola aprendemos a ler e a escribir (*Adrián*).






O que máis me gusta son os contos (*Yeni*).

Son o mellor futbolista da clase (*Fran*).



Esta foto fíxonola a profe a principio do curso, agora xa medramos moito

## ESTES SON OS NOSOS DEBUXOS DE....



## ADIVÍÑAS...

¿Que é?  
Noventa e nove ipum!  
Noventa e nove ipum!  
Noventa e nove ipum!  
(Un cempés cunha pata de pau)

O boticario e a súa filla,  
o médico e a súa muller,  
comeron nove pasteis  
e todos tocaron a fres.  
(A filla do boticario é a muller do médico)

Eu teño unha tía  
que ten unha irmá,  
que non é miña tía  
¿Quen será? (Míña nai)

**¿Que estrela non ten luz?**

(A estrela de mar)

¿Que dá unha vaca cando está fraca?

(Da lástima)

Se non hai, se ve.  
Se hai pouca, se ve.  
Se hai moita, non se ve.

¿Que será? (A escuridade)

**¿Qué necesita un home para entrar nun bar?**

(Esforzo)

¡Que se necesita para acender unha vela?  
(Que se necesita para encender unha vela?)

Olalla, 4º

Dous pais e dous fillos  
foron xuntos xantar;  
pediron tan só tres ovos  
e tocan a un cada cal

(O avó, o fillo e o neto)

.....Bruno, 6º.....

## REFRÁNS...

- Marzo chuvioso e Abril airoso. sacan a Maio florido e fermoso.
- Ricosende fame e sede, Soutadoiro esfragadoiro, Riodolas escachaoas e Pusmazán a compolas.
- Neníños ó San Brais que festiñas non hai máis; din os de Vilariño que áinda queda o Anxeliño.
- Pascuas marciales, pestes ou enfermidades.

- Maio pardo e San Xoán claro, en Agosto porá-los bois diante do carro.
- Días de Maio, días de Maldición, a segúrnase, así se pon o sol.
- Febreiro corto, cos seus días 28, lo que veu contou e 29 lle sacou
- Febreiro manadeiro, en agosto farán bo palleiro.
- O que vai a San Andrés, se non volve no día non volve en todo o mes.**

Maite Prieto, 8º

## E..., DOUS CHISTES

Un home vai por unha rúa e dille a outro:

- Son un vidente. Se me dá 10.000 pesetas adivínolle o futuro.

O señor acepta e dalle os cartos.

E o vidente empeza:

- Eu serei vidente, ti serás vidente, el será vidente, nós seremos videntes, vos seredes videntes e eles serán videntes.

**Entra un home a unha tenda. A dependenta dícelle:**

- Vostede me dirá.**
- Pois creo que mido 1 metro e 60 centímetros.**

*Laura Rodríguez Franco, 4º*

## PASATEMPOS DAMERO

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
31	32	33	34	35	36	37	38	39	40

— — — — —

1    9    22    18    4

— — — — —

26    2    3    40    17

— — — — — — —

6    27    8    34    28    39    37

— —

13    14

— —

15    16

— — —

46    44    38

— —

47    48

— — — —

36    45    43    23

— —

32    33

—

7

O contrario de más

O contrario de menor

O contrario de cobarde

¿Por que consonante e vocal empeza pai?

Preparados, listos... ¡¡... !!

O contrario de "si"

Primeira nota musical

Verbo cavar, presente 3<sup>a</sup> persoa de singular

¿Como se escribe en portugués cadro?

Pon a primeira consonante e vocal

Primeira letra do abecedario

CLAVE: Unha fábula de Esopo

Olalla, 4º

## SOPA DE LETRAS

P P G R B X P X Y L F  
O A A O U Z F T L O N  
R Q T P R O T S R M C  
C R O U R S A M T A O  
O S T V O L I C V S E  
C C A N B G R O A A L  
A G H J A K C I C O L  
L E O N P E S O A P O  
V O L V O R E T A R Q  
C A T A R T A R U G A

K Z

A X

F X

G

N

Rebeca, 4º

Busca os once nomes de animais que hai:

GATO  
CAN  
PORCO  
COELLO  
VACA  
VOLVORETA

LEÓN  
TARTARUGA  
BURRO  
FORMIGA  
PITA

# UNHA EXPERIENCIA DEPORTIVA: Celta 3, Tenerife 1

Non moitas veces somos testigos directos dun partido de fútbol, e menos de 1<sup>a</sup> división, a maioría das veces vémolo por televisión ou en directo no patio do Colexio cando xogan os de 1º de E.S.O. contra os de 8º de E.X.B.

Pero esta vez, e gracias ó Alcalde de A Rúa, que nos pagou as entradas, os rapaces do Colexio que quixeron fomos a Vigo a ver en vivo e en directo o encontro Celta - Tenerife.

O día sinalado foi o 5 de Abril, un día estupendo pois coincidía coas festas de Sobradelo e o luns non había clase. Saímos sobre as dez da mañá acompañados por D. Joaquín e D. Alfredo, profesores do noso colexio, chegando a Vigo ás tres e media da tarde, despois de facer unha parada no Lore e outra na Cañiza para comer.

Ó chegar a Vigo fomos dereitos a praia de Samil. Alí estivemos dúas horas "contemplan-

do" a ría. A continuación fomos ó estadio, estivemos comprando artigos de recordo e pedindo autógrafos ós xogadores.

As oito e media comezou o partido. Gañou o Celta ó Tenerife por 3 a 1; os goles foron de Merino, Mostovoi e Mazinho nos minutos 5, 65 e 75 respectivamente. O gol do Tenerife marcouno Pinilla no minuto 15.

A xogada más espectacular do partido protagonizouna

Mostovoi no minuto 44 do primeiro tempo, regateou a cinco contrarios e Mata fixolle penalty, pero o árbitro non o pitou e os aficionados insultárono.

Para celebrar a victoria fomos cantando polas rúas de Vigo.

Regresamos moi tarde, cremos que serían as tres da mañá, pero con moitas ganas de volver a repeti-la experiencia.

**Roberto e Antonio, 6º**




## UN OBXECTO MOI FAMILIAR

¿Sabedes de que se trata? Recibe distintos nomes: vater, servicio, inodoro, retrete...

A súa vida data de catro séculos atrás. No ano 1585, o británico John Harrington inventou o "escusado de cisterna". Instalouno na súa casa e chamoulle "Ajax"; era un recipiente parecido ó actual, cunha abertura no fondo e pechada cunha válvula.

No ano 1592, a raíña Isabel I de Inglaterra, mandou que puxeran un no seu pazo.

No ano 1775, o inglés Alexander Cummings, fabricou un obxecto parecido o "Ajax", aínda que máis perfeccionado.



No ano 1777, Samuel Prosser introduciu unha válvula esférica para conseguir con iso correxilo constante goteo do modelo patentado por Cummings.

E, por fin, no ano 1848, o parlamento inglés dictou unha Acta de Saúde Pública pola que tódalas casas tiñan que ter un WC ou servicio.

Desde aquela este aparello foi conquistando os nosos fogares pouco a pouco.

Vanessa e Noelia 6º

## SETAS VENENOSAS

Cuando vamos al bosque por setas tenemos que estar seguros de las que cogemos, no vayan a ser venenosas.

Entre éstas, podemos distinguir la AMANITA FALOIDE, que tiene un sombrero verde oscuro o verde amarillento y su pie es algo más delgado por la parte de abajo. Además esta peligrosísima seta tiene bajo el sombrero unas láminas blancas y alrededor del pie, en la parte superior, una especie de faldilla denominada anillo, y en la base una especie de saco de color blanquecino llamado volva.

Otra seta muy venenosa es la AMANITA VERNA. Esta especie se caracteriza por tener un sombrero redondo, de color blanco y ligeramente ocre en el centro. Su pie es esbelto y cilíndrico. Aparece desde la primavera hasta el otoño y de joven se parece a un champiñón silvestre, pero su carne huele a azafrán y tiene un sabor repugnante.

La AMANITA MALOLIENTE es otra de las setas asesinas. Parecida a la AMANITA VERNA, pero es un poco más pequeña. Su sombrero es totalmente redondo, muy blanco y está algo inclinado. Su pie es esbelto y fibroso. Es difícil encontrarlas porque hay muy pocas de este tipo.

Otra seta es el CORTINARIO DE MONTAÑA. Esta llamativa seta tiene un sombrero rojizo o anaranjado y un pie robusto de color amarillento. Si partes el cortinario se puede apreciar un olor similar al que despiden los rábanos.

La LEPIOTA PEQUEÑA es otra de las setas consideradas como una de las más peligrosas; tiene un sombrero recubierto de montículos de color pardo rojizo y un pie delgado y hueco.


Cuando no estemos completamente seguros de que una seta es comestible, no debemos comerlas. MÁS VALE PREVENIR

Liliana e Ángela, 6º

# LA VIEJA ASTUTA

Hace mucho tiempo, la ciudad francesa de Carcasona sufrió un durísimo asedio y sus habitantes no tenían nada que comer.

El hambre y las enfermedades acabaron matando a mucha gente, y los pocos que quedaban con vida comenzaban a desesperar. El alcalde de la ciudad reunió entonces en la Plaza Mayor a todos los vecinos...



## NON ERA UN SOÑO...

Érase que se era, cando o inverno era inverno e tódolos rapaces pedimos un mesmo desexo.

De seguida nos decatamos de que se cumplira, porque en pleno inverno o sol saía e quentaba tódolos días, e pola noite chovera dúas horas desde as tres ás cinco da mañá.

Todo isto vino eu cos meus olliños de rapaza de trece anos que se ergue cedo tódolos días para ir ó colelio. Un sol espléndido que entraba pola ventá do meu cuarto e o cantar dos paxariños espertooume.

Vestinme, almorcei e marchei correndo á casa da miña amiga Nuria, ela xa se erguera polo mesmo motivo que eu.

Fomos dar un paseo e estivemos a comentar-lo ocurrido. Tan longo foi ese paseo que chegamos ata un lugar onde antes había unha enorme escombreira. Nuria e mais eu mirámonos abraiadas porque agora había un enorme prado cheo de mapoulas e margaridas; vimos como estaban a aproveitar toda a pizarra, non quedaba nada, únicamente o po que saía, pero... ¿que sorte!, dixéronnos que ese po non contaminaba nada, pois ó contacto co aire convertíase en pingas pequenísimas de auga.

¿Esto sucedera so en Sobradelo? ¿E nos outros pobos?

Con todas estas lerias, xa era a hora de comer e se non eramos puntuais na casa a rifa ía ser sonada; así que quedamos de xuntarmos despois de comer na casa de Nuria, coas bicis, por suposto.

Á hora convida estabamos preparadas; por certo, tamén se uniu Marcos, un amigo.

Decidimos ir ó Robledo, ó chegar encontrámonos con Marta e David, uns compañeiros de clase. Eu comecei a contarlle-lo sucedido, pero eles xa se decataran da situación, porque alí pasara o mesmo.

Nuria, quería comprobar por si mesma, que todo isto era certo.

- ¿Como estará o vertedero do lixo?

- Pois é verdade, ¿e se imos a comprobalo?

- Propuxo Marcos.

- Marta, David, ide polas vosas bicis, nós esperámosvos aquí, díxenlleis eu.

- Está ben, agardade aquí que vimos de contado - contestoume Marta, mentres comezaba

a botar unha das súas carreiras.

Chegaron axiña, e case sen parar comezamos a pedalear todo o que dabán as nosas pernas. O malo sería ó chegar, nin sequera se nos recordou levar unha pinzas para poñer no nariz.

- ¿Que pasou? -Esta foi a pregunta que nos fixemos todos á vez.

O lixo se desfacia na propia terra, e no seu lugar comezaba a medrar unha herba verde e brillante, con moitas, moiás flores.

Epezaba a escurecer e nós, en silencio, seguiamos a mirar aquela marabilla. Regresamos cada una para a súa casa, tratando de recoller nos nosos pulmóns aquel arrecendo do verquedeiro que tódolos días víamos dende o colelio.

Ó chegar a Sobradelo caeu nas nosas mas un xornal. ¡Que titulares!

¡¡¡DESAPARECEU O DESERTO DOSA-HARA, DE GOBI, AS DUNAS DE CORRUBEDO.....!!!

¡¡¡CHOVE MODERADAMENTE DE NOITE!!!

¡¡¡A TEMPERATURA É DE VINTE GRAOS!!!

Ó día seguinte no colelio non se falaba doutra cousa, mirabamos pola ventá, e alí xa non estaba o verquedoiro, non había cores brancas, nin azuis das bolsas de plástico. Todo era verde con puntiñas de moitas cores, eran a flores que viramos o día anterior.

Na clase de Galego, pedímoslle á profe para facer unha festa, para celebra-lo día do PERFECTO AMBIENTE.

Nestes tratos estabamos cando Teresa tocou o timbre para o recreo... De súpito escoito unha voz familiar que medi:

- ¡Érguete Lidia, que son as nove e chegas tarde ó colelio!

Demasiado bonito para ser certo...




Lidia, 1º E.S.O.

## Conchita

*Conchita é a miña gata. Ten dous anos. Xoga moito comigo, e tamén come moito.*

*Pariu oito gatíños, sete tirámoslos e un deles matouno ela sen querer. Era de cor branca e marrón*

Ángeles, 2º



Estas somos Conchita e mais eu

## Estes somos nós...



*Somos nós, os nenos de 2º, ¡bo! todos non,  
faltaba Lucía.*

*Era o día no que festexamos o Nadal. Todos  
os nenos fixérono moi ben. Nós cantamos unha  
panxolinha que ainda recordo.*

*Para o día das Letras Galegas estamos a  
preparar unha obra de teatro. Esperamos que  
vos guste.*

*Alumnos 2º*

# FESTAS E ROMERÍAS DO NOSO CONCELLO

*Continuando co traballo que comezamos o ano pasado, presentamos dúas romerías máis, que son moi importantes para os nacidos no Concello de Carballeda, non só no aspecto profano, senón tamén no aspecto relixioso. Referímonos ó San Cosme e á Virxe do Carballal.*

## SAN COSME

Nunha pequena capela, situada á beira do río Casoio e pertencente á parroquia de San Xulián de Casoio, están as imaxes de dous santos e mártires, Cosme e Damián, médicos de orixe árabe que despreciaron as cousas terreas en especial o diñeiro.

Aínda que na data do almanaque aparecen os dous, quen é máis venerado é San Cosme.

A súa festividade é o día 26 de setembro, e ata hai pouco tempo, daba o mesmo que o 26 caera en día laborable ou non, sempre era festa.

Hoxe en día a economía é a que manda, así que se trasladou para o primeiro sábado de agosto e deste xeito "turistas" e "veciños" da bisbarra poden festexar ó santo patrono dos médicos.

Hai quien asegura que o cambio debeuse a que había tempo que non chovía, entón sacaron ó Santo en procesión. Polo visto os mozos que o levaban non se decataron do mal estado do camiño, e sen querer o Santo caeuilles ó chan, rompéndolle un brazo, e ó Santo parece que non lle sentou moi ben porque desde aquela sempre chove e non tiveron máis remedio que pasa-la festa para agosto. Claro que Gervasio, un veciño de Casoio, tamén pensou que ó Santo tampouco lle fá gustar este cambio, e así foi, no ano 1992, nada máis remata-la misa, as nubes abriron as súas comportas e descargaron auga sobre os romeiros, que fuxiron como almas que leva o demo, tendo que come-la merenda nas súas casas.

É doado chegar ó San Cosme. Os veciños da marxe esquerda do río van ata Casoio, baixan e cruzan o río. Os que van pola marxe dereita van ata Viladequinta e de alí, polo camiño que leva mesmo ata San Cosme. Tanto por un lado como polo outro é aconsellable ir nun coche todo terreo.

O vistoso desta romería é que se celebra nun dos lugares mais bonitos que ten o río. Ó lado da capela están os prados, que van servir para escoita-la misa maior, por certo con moitos curas..., para facer procesión e para come-la merenda que sempre

hai que levar.

Aínda que a festa de agora é moi bonita, non é tanto como a que se celebraba hai uns anos.

Xa para empezar había que ir a pé ou nunha cabalería, o do coche veu despois, e a parte de ser festa, tamén era feira, "a feira das bestas", pois alí se compraban e vendían todo tipo de animais, sobre todo burros. As xentes que chegaban ata aquí procedían de Sanabria, O Bolo, A Cabreira, e como non, de Valdeorras.

A ceremonia da comida era moi importante, todos participaban da comida dos outros, sobre todo do viño e dos postres.

Unha cousa moi curiosa eran as grandes partidas que se facían de bolos, billarda, as chapas e sobre todo de "julepe".

Ós bolos e á billarda aínda se xoga hoxe, o que non sabemos é se se segue a xogar ó julepe, pois descoñecémo-lo xogo, e na casa, cada vez que lles preguntamos quen xogaba, dálle-la risa e poñen unhas caras moi maliciosas.

Hoxe en día, quitando o gando e o julepe, a festa é parecida, a paisaxe é bonita, pero non tanto, os coches, o lume e unha morea de cousas máis, estragaron un pouco a festa.


Outro detalle curioso desta festa era que unha orquestra pagábana os veciños do Trigal e a outra os veciños de Casoio. Ámbalas dúas loitaban por tocar mellor e, ás veces, remataba a música a golpes de trompeta. Outras quen começaba a pelexa eran os mozos, que lle facían as beiras a unha mesma moza.

E xa nin que dicir ten a que se organizaba por mor do xogo. Como serían de lóxicas estas situacións que a xente chegou a dicir "se non hai paus parece que non é festa".

Agora tamén hai baile ata o escurecido, pero sen golpes, logo a festa continúa en Casoio cunha boa cena na casa, e a verbena ata altas horas da madrugada.

Vos convidamos a que este ano veñades ó San Cosme, comprobaredes que este santo é de lei.

Alumnos de 8º



San Cosme, unha beleza de paisaxe á beira do río Casoio (Foto, alumnos de 1º de E.S.O.)

Ven da pág. anterior

## A VIRXE DO CARBALLAL

Setembro é pródigo en festas, tantas, que poucas son as aldeas do municipio de Carballeda que non celebran a súa festa neste mes.

A Virxe do Carballal é unha romería que se festexa en Carballeda o día 8 de setembro.

Para chegar ata alí, hai que coller a estrada que vai desde Sobradelo, pola marxe esquerda do río Casoio, ata Carballeda. Unha vez que chegamos a Carballeda collemo-lo camiño que vai a Santa Cruz e xa desde alí ó Carballal.

A verdade é que é un pouco dificultoso, pois de non ir a pé, hai que levar un automóvil todo terreo.

A ermida está situada nun montículo a 1100 m de altitude sobre o nivel do mar, presidindo unha pequena meseta de pastos cos típicos carpazos, estevas e xestas, adornadas por flores amarelas, rosadas e brancas, pero que están sendo sustituídas por montañas de escombros.

A paisaxe que se pode ver desde este lugar é ben bonita, aconsellamos que todo o mundo suba ata alí. Aínda que non sexa o día da festa, paga a pena a visión de todo o Concello de Carballeda.

Sobre esta romería hai moitas lendas, como por exemplo, un día no que se desatou unha grande trona, a xente sacou en procesión á Virxe e a trona desfíxose.

Outra lenda trata sobre o manto que a Virxe leva posto o día da festa, din que llo regalou unha muller de Lardeira en agradecemento por curarlle ó seu marido.

A celebración consiste en face-la procesión ó redor da ermida e logo oí-la Santa Misa. O remata-la misa, a xente pásalle un pano por todo o corpo a Virxe e bótanne moedas.

Rematados todos estes actos, chega a hora do xantar, que non se realiza aquí na ermida, senón que hai que volver a Carballeda, e alí, na casa de familiares ou amigos, dase conta dunha boa comida.

Maite Prieto, 8º

## CANTIGA POPULAR

### Dille que foi nunha silva

Unha noite vindo do muiño  
encontreime cun rapaz,  
"condanado" do neno, jo que fixo!  
rompeume todo o delantal.

¡Ai, agora! ¡Ai agora!  
miña nai vaime pegar  
porque o levo todo roto  
non o poido remendar.

Non lle digas que foi enredando  
nun prado con aquel rapaz,  
dille que foi unha silva  
que cho rompeu ó pasar.

\* \* \*

## El dieciocho de Julio

El dieciocho de Julio  
pasé por la morería  
me encuentro con una mora  
al pie de una fuente fría.

Apártate mora bella,  
apártate mora linda,  
deja beber a mi caballo  
en esa agua cristalina

Cantigas recollidas por David Rodríguez del Río 1º E.S.O.

JUGUETERIA  
LIBRERIA

*m u r c i e g o*

Regalos y  
Complementos

## NÓS REGUEIFAMOS, VÓS REGUEIFADES

Agora que imos a elas  
a quen mais ha de botar,  
teño un saco cheo delas  
outro por encomezar

Agora que imos a elas  
a quen mais ha de botar,  
ha de ser coa condición  
que ninguén se ha de enfadar.

Nós de acá e vós de alá,  
somos tantos coma vós;  
nós comémo-lo carneiro  
e os cornos son para vós.


Os rapaciños de agora  
son poucos e desditados,  
valen a dous reás o cento  
coma xurelos bañados.

Se houber algúñ valentón  
que na rúa se atravesa,  
xa pode traer consigo  
o cura que o confese.

Ándate, pernas de angazo,  
panturrillas de carneiro,  
para falar conmigo  
busca fianza primeiro.

Agora xa non se estila  
pedi-la filla a seu pai,  
senón entrar e dicir:  
«meu sogro ¿como vos vai?»

Ti tés moita fantasía  
con esas túas guedellas  
todas cubertas de lendias  
que che comen as orellas.



Cara de leite fervido,  
cara de leite asorado,  
¿ es capaz ti de luxar  
a cara dun home honrado?

Ándate, porco cuchino,  
esterco do meu cubil,  
heite de levar á feira  
e venderte nun maravedí.



Eres guapa, coma un pote,  
negra, coma gramalleira,  
anque andes de día e de noite,  
non has atopar quen te queira.

A muller que se casa  
cun home pequenijo,  
agárrao polas orellas:  
« anda para eiquí, macaquiño».



Toda a vida buscando  
unha muller mediana,  
e atopei un cangallo  
que non me cabe na cama.

Ándate, porco cuchino,  
que mañá hei de cocer,  
se non teño barredoiro  
contigo hei de barrer.



Tódalas mulleres de agora  
son feitas de mala masa,  
a tódalas horas do día  
son agoiros nunha casa.

Aínda non sabes cantar,  
aínda te hei de deprender,  
téñoche un cacho de moscas  
para che dar de comer.

# SEGUIMOS REGUEIFANDO, SEGUIDES... REGUEIFANDO...

Hei de prantar un piñeiro  
na cima do teu tellado,  
cando o piñeiro dé piñas  
hei de andar o teu mandado.

¡ Ai, que piñeiro tan alto!  
e na cima ten culleres,  
as mentiras son dos homes  
e as verdades das mulleres.

Cálate e vaite calando  
cabeza de pouco siso,  
mellor che fora calar  
e non vir acá con iso.

Non quero home pequeno  
e más hame de valer,  
e que me parece na casa  
unha xesta de barrer.

Cóntasme mal das mulleres,  
pois eu quérochelles ben,  
salga-las, empementa-las  
e botalas na sartén.

Non coides que eres agudo  
porque sexas malicioso,  
malicia, téñena hasta os burros  
a agudeza non é para todos.

Fixeche unha saia nova  
pensando que te casabas,  
has de romper esa e outra  
e has de quedar como estabas.

Porque tés moito diñeiro  
pensas que me tés na mau,  
moitas serdas ten o porco  
e non sae de marrau.



Eu petei na túa porta  
e no mesmo punto e hora,  
saíume nariz, nariz, nariz,  
e a cara de alí a media hora.

O meu mozo era torto,  
mandeino endereitar,  
ainda lle sacaron leña  
para facer un xantar.



Os mozos matamos un burro,  
as mozas comérono crudo,  
as vellas mandaron recado  
que lles deixaran a punta do rabo.

Miña comadre Antonia  
non hai muller coma ela,  
os ósos dallos ó home  
a carne cómea ela.

Catro cousas hai no mundo  
que son as más testudas,  
as cabras e as ovellas,  
as mulleres e as burras.



**HAI MOITOS ANOS...**

Hai moitos anos,  
estaba todo o mar  
con peixes e mais peixes  
e algún calamar.

Todos estaban tranquilos,  
ninguén os podía amolar,  
pero un mal día  
o home deu en pensar...

"Son moitos os animais  
que podemos atrapar,  
se buscamos algo  
con que poder pescar".

Fanecas, sardiñas  
deixaron de nadar  
e cada día más o mariñeiro\$  
as redes a largar.

¡Aí ven un barco grande!  
moito peixe vai pescar,  
matan tamén golfinos,  
nas redes atrapados están.

"Pasai golfinos,  
non os imos amolar  
que somos os de Greenpeace  
e querémosvos axudar."

Somos homes e mulleres  
que coidamos do mar  
e coa nosa axuda  
poderédesvos salvar".

Cando os pescadores  
vexades pasar  
non lles gardedes rencor  
eles só van pescar.

Pola orde dun ruin  
que se quere aproveitar,  
da suor dos mariñeiro\$  
que se matan a traballar.

¡Deixade ós golfinos!  
eles non poden soportar  
a mágoa,o sufrimento,  
que os está a rodear.

Os golfinos desexan  
poder nadar en paz,  
sendo ceibes, ¡ceibes!  
sen a cada pouco escapar

Noemí, 8º

**UNHA MEMORIA QUE SE PERDE**

Moito se ten falado e escrito sobre a postguerra española, pero o que nos chama más a atención é que nos nosos fogares, os nosos avós parecen como se non lles gustara falar do tema. "Tí non o entenderías" é a resposta que normalmente recibimos.

A verdade é que así non hai maneira de enterarse do que de verdade padeceron os nosos avós e acaso tamén algún dos nosos pais.

Costounos un pouco de traballo, e non foron moitas as respuestas. Este é o resultado.

Na maioría dos pobos, poñamos por exemplo o Concello de Carballeda, se comía mal e pouco.

Unha dieta (e de verdade que o era) dun día normal sería: almorzo, un pouco de caldo; comida, touciño; merenda, non existía esa palabra; cea, touciño.

Nas festas cambiaba un pouco o panorama. A empanada de touciño de cebola sabía a gloria.

Había familias que se xuntaban para mercar unha ovella e repartíana, a graxa que sobraba do asado gardábase para utilizarla no lugar do aceite que escaseaba.

A sopa e o bacallau tamén eran comidas de festa. As castañas e as patacas axudadas cun pouco de pan de centeo axudaban a soporta-lo traballo físico do campo.

Quen tiña cartilla de racionamento podía conseguir azucré, aceite, e ata tabaco.

Co médico se usaba a "iguala", que cosistía en pagarlle ó médico unha cuota anual ou en en produtos do campo.


O vestido, se se podía mercar, moitas veces eran usados procedentes das cidades, pero o que más se emprega eran teas de saco.

O calzado, zocos ou alpargatas. Procurábase mercar grande para que durara moito tempo.

Algo que nos chamou a atención é que quen tiña unha radio, nas noites de inverno, prestaba a súa cociña para escucha-lo parte, vamos, o que hoxe serían as noticias. Tamén estas reuniones servían como "centro cultural", os contos, as lendas e as cantigas se contaban unha e mil veces ata que todos o sabían.

Certo é que esta vida foi terrible, pero tamén é ben certo que está a pasa-lo mesmo en moitos lugares do noso planeta, e estamos a piques e chegar ó século XXI. Será que a historia se repite.

Nuria, Bea e Eugenia, 8º



## FRASES PARA RECORDAR

Teremos que arrepentirnos nesta xeración, non tanto polas malas accións da xente perversa, senón do pasmoso silencio da xente boa.  
(M. Luther King, Jr.)

Todo o que se come sen necesidade, róubase ó estómago dos pobres.  
(Mahatma Gandhi)

**Ó poder ocórrelle coma o concheiro, non deixa medrar nada baixo a súa sombra.**

(Antonio Gala)

Cando os que mandan perden a vergonza, os que obedecen perden o respeito

(Refranciro)

**Onde hai pouca xustiza, é un perigo ter razón.**

(Quevedo)

A tolerancia é a nai da PAZ.

(Filangieri)

Os libros son as abellas que levan ó polen dunha intelixencia a outra.  
(James Russell Lowell)

Debe ser moi grande o pracer que proporciona gobernar, pois son moitos os que aspiran a facelo.

(Voltaire)

Odiar é un despilfarro do corazón, e o corazón é o noso maior tesouro.

(Noel Clarasó)

Todos queren a paz, e para asegurala, fabrican máis armas que nunca.  
(Antonio Mingote)

## UNA VISITA MUY PROVECHOSA

Hace unos días, a primeras horas de la mañana, las profesoras nos llevaron a visitar una I.T.V. a los alumnos de 6º.

Para mi fue algo nuevo porque nunca había estado en ninguna.

Son locales preparados para pasar las revisiones mecánicas á todos los automóviles, sean del tipo que sean.

A nuestra llegada nos recibió una azafata, que se encargó de enseñarnos todas las dependencias.

Hay una oficina, que es donde se preparan los papeles y se pagan las tasas, y también está la zona propia de las revisiones en la que trabajan dos personas que se encargan de mirar a fondo los coches que pasan por sus manos.

Las I.T.V. son muy importantes, porque

velan por la seguridad de todos nosotros ya que hoy en día todo el mundo tiene vehículo, y si éstos no están en condiciones adecuadas para circular, son un peligro para sí mismos y para otros.

Pero hay muchos conductores que cuando no pasan la revisión se enfadan porque tienen que gastar dinero para poner a punto el automóvil y luego tienen que volver otro día.

La I.T.V. funciona más o menos así:

Los coches entran por una puerta del edificio y van pasando uno a uno por las diferentes máquinas que los examinan, como son, el velocímetro, el frenómetro, análisis de CO<sub>2</sub> y al final se colocan encima de un foso.

Precisamente yo pude ver un coche por debajo al meterme en el foso, que se encuentra en la salida del edificio; y también vi como identificaban el número de bastidor para asegurarse de que el coche no era robado.

Si no hay nada raro la revisión la pasarán sin ningún problema, hasta la próxima vez, que puede ser a los seis meses, al año o a los dos años según la categoría del vehículo.

Se me olvidaba decir que la I.T.V. que hemos visto está en El Barco de Valdeorras, muy cerca de donde yo vivo, pero las hay en muchísimos pueblos de España, porque todos los días del año hay vehículos que necesitan revisión.

Yo creo que todo esto está muy bien, porque además de velar por nuestra seguridad, da trabajo a mucha gente.

Ya no tengo nada más que añadir, bueno, además de ser una mañana muy entretenida, he aprendido un montón de cosas que no sabía.



El foso fue lo que más nos gustó

Santiago Blanco, 6º

## OPINIÓNS SOBRE A E.S.O.

Pensabamos que 1º de E.S.O. era un curso como outro calquera, pero decatámonos de que tamén ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes.

Unha vantaxe foi que nós comezamo-lo curso máis tarde que os nenos e nenas de E. Primaria.

Outra pode ser que temos unha lingua nova para estudiar, é o Francés. Cremos que está moi ben aprender novas linguas, xa se coñece o dito "*o saber non ocupa lugar*". Claro que ás veces equivocámonos un pouco. En inglés dicimos palabras en francés e ó revés.

Tamén temos sorte porque entramos ás dez e saímos ás catro e media, claro que a hora de clase reduciuse a cincuenta minutos.

Por ser de 1º da E.S.O., fomos a Gandarío tres días; e aída que o tempo non nos acompañou pasámolo moi ben.


Esta viaxe estaba subvencionada pola Xunta de Galicia, nós só pagamos 1.000 ptas polo transporte. ¡Gracias Angelina e Isabel por vir connosco!

As que tiveron sorte foron Silvia, Eugenia, Maite, Sandra e Nuria de 8º. Gañaron o primeiro premio de "La Verja", e marchan con Manolo, o profesor de Naturais, a Murcia durante cinco días e van en avión.

Pero todo o bon ten a súa parte negativa, só temos dez minutos de recreo, e iso non nos gusta nada.

Cando nos preguntan como é 1º de E.S.O., contestamos que é como 8º ou 6º, pero que non se parece en nada a ningún dos dous.

Nuria e Lidia, 1º de E.S.O



## FEIZ CUMPREANOS, MELILLA

Pouco se ten escoitado nos medios de comunicación sobre o V Centenario da pertenza de Melilla á Coroa de Castela, e por iso cremos que ben merece unha pequena homenaxe.

Moitos son os ditos que se refiren a esta cidade; por exemplo cando queremos indicar que unha persoa é moi maior, dicimos que "xa estivo na guerra de Melilla".

Ou aqueloutro chiste:

-¿Onde van os bos?.

-Ó ceo.

-¿E os malos?.

-Ó inferno.

-¿E os regulares?.

-A Melilla.

Pero Melilla é algo moi diferente. A súa existencia xa se remonta ó S. VI antes de Cristo, chamada daquela Rusaddir, sendo unha das principais factorías cartaxinesas e fenicias.

A súa situación, entre os cabos de Agua e Tres Forcas, fronte por fronte ás costas de Málaga, fixo que pasase por diversas mans: Romanos, vándalos, árabes, dos que recibiu o nome actual.

Despois de ser arrasada polos soberanos de Fez e Tremecén durante o reinado dos Reis Católicos e ó mando do Duque de Medina Sidonia, foi conquistada para a Coroa de Castela.

O seu illamento supuxo moitas liortas cos rifeños, sendo centro de guerras ó longo da súa historia.

En 1921 Melilla viusa gravemente ameazada polos rifeños dirixidos por Abd el Krin, ata que as tropas do Xeneral Sanjurjo salvaron a situación. De alí partiría anos máis tarde o levantamento nacionalista contra a II República, curiosamente un día antes que no resto do Estado, o 17 de Xullo de 1936.

Conviven nesta cidade catro comunidades, cristiáns, musulmáns, xudeos e hindúes, e pódese dicir que en pouco tempo será a comunidade bereber (musulmán) maioritaria debido á grande tasa de natalidade.

Os melillenses considéranse españois, pero tamén africanos e politicamente europeos. Son permeables ás diferencias, e esa é a mellor garantía fronte ó racismo.

Ata 1986 non se comezan a aprecia-los cambios en Melilla. Os disturbios de Mohamedi Dudú supuxeron a presentación en sociedade dos

musulmáns melillenses, que é neste momento cando poden conseguir un D.N.I. e a ser considerados españois de pleno dereito.



Outro logro acadado foi foi a construción dun cemiterio musulmán, ata aquela non o tiñan e os seus restos mortais mandábanos a Marrocos.

De cara ó futuro, preténdese que Melilla sexa unha cidade moderna, a pretensión dos seus

gobernantes é de ir sustituindo cuarteis e instalacións do Exército que ocupan un 38% do total (a superficie total é de 12,3km<sup>2</sup>), por colexios, bloques de pisos ou adosados.


Esperamos que o número desempregados e marxinados sexa cada día menor, mirando cara un futuro próximo baseado na convivencia de culturas e aberta a moitas más.

Feliz cumpleanos, MELILLA, e que cumbras cincocentos máis.




Melilla a Vella, na que viven amontoadas 500 familias

# TEMPO DE LECER



## CRUCIGRAMA

Completa el crucigrama con palabras que lleven h intercalada



César e Pablo, 6º

## ¡¡ADEUS, ZAIRE!!!, ¡¡OLA, CONGO!!!

Por fin! ¿Se podrán decir estas palabras? ¿Acabaría de verdade o conflicto? ¿Seguiremos a ler e ver as atrocidades que os humanos podemos cometer cos nosos semellantes?

Estas, e moitas preguntas máis ocorrensenos hoxe día 19 de Maio de 1997, despois de dous anos de guerra. Parece que a paz quere xurdir entre as zinzas dos que morreron sen saber por que.

Facendo un pequeno repaso á historia deste país, en trinta e sete anos que leva como estado independiente o Zaire cambiou de nome varias veces

30 de Xuño de 1960: Bélxica concede a independencia á súa colonia africana, o Congo Belga.

15 de Maio de 1961: O Congo Belga

convírtese en República Federal do Congo.

24 de Novembro de 1965: Mobutu se proclama presidente da República Democrática do Congo.

27 de Outubro 1971: A república Democrática do Congo pasa a chamarse República de Zaire e o río Congo, río Zaire.

14 de Novembro de 1992: Prepárase un proxecto de Constitución e prevese que se chame Refúbrica Federal do Congo.

17 de Maio de 1997, Laurent Kabilá proclámase xefe do Estado da República Democrática do Congo.

Esperamos que a Zaire ou Congo, ó Congo ou Zaire, chegue de verdade algo tan necesario como é a PAZ.

Maite e Silvia 8º




Foto tomada do xornal "La Voz de Galicia"

### Entidades colaboradoras



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P. "Tomás Terrón Mendaña"  
Equipo de Normalización Lingüística

**IROSA**



**APA C. P "Tomás Terrón Mendaña"**